



## Concello de Celanova

---

# BASES DE PARTICIPACIÓN

- 1.- Habará 3 modalidades de premios:
  - A.- Faroís artísticos confeccionados polos propios participantes
  - B.- Ramos tradicionais engalanados con faroís propios ou dos repartidos pola organización
  - C.- Fachada, local comercial ou rúa mellor adornado con faroís
- 2.- Para optar ós premios é obrigatorio inscribirse na Oficina de Turismo do Concello de Celanova antes das 14,00 horas do día da Ramallosa e, nos casos A) e B), completar o percorrido tradicional da Ramallosa.
- 3.- Os grupos participantes no apartado A), ademais de portar o farol artístico deberán portar tamén ramos con faroís tradicionais encendidos.
  - 3.1.- Consideraranse faroís artísticos aquelas construcións que, seguindo os principios formais dun farol, reproduzan obxectos reais ou imaxinarios abertos á creatividade artística dos seus autores.
  - 3.2.- Non se pon límite ningún ó tipo de material (papel, tela, plástico, etc.) utilizado para a confección deste tipo de faroís, sempre e cando o efecto que se consiga sexa o propio dun farol e o obxecto irradie luz do seu interior.
- 4.- Os participantes que opten ó apartado B), deberán portar un ramo de loureiro, carballo ou calquera outra especie arbórea autóctona, do que pendurarán os faroís encendidos.
- 5.- Non se permitirán vehículos motorizados nin a presenza de cabalos ou outros animais de acompañamento. Durante o percorrido do desfile e con carácter excepcional autorízase a presenza de carritos musicais, quedando prohibidos ó remate do mesmo.
- 6.- Os participantes que opten ó apartado C), deberán manter os faroís iluminados, cando menos en canto dura a Ramallosa.



## Concello de Celanova

---

7.- Os premios serán entregados no transcurso da verbena.

8.- Concederanse dous premios para cada modalidade:

Modalidade A:

1º: 300 € concedidos polo Concello de Celanova

2º: 100 € concedidos pola Mancomunidade Terra de Celanova

Modalidade B:

1º: 300 € concedidos polo Concello de Celanova

2º: 100 € concedidos pola Mancomunidade Terra de Celanova

Modalidade C:

1º: 300 € concedidos polo Concello de Celanova

2º: 100 € concedidos pola Mancomunidade Terra de Celanova

9.- O xurado estará composto por representantes municipais e de diversos colectivos socioculturais da vila.

10.- Calquera imprevisto será resolto polo xurado no transcurso da Ramallosa e a participación no concurso implica a aceptación das presentes bases.

11.- O ramo da Ramallosa será sorteado co número que se entregará ó comprar a pañoleta.